



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 5 de SETEMBRO de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ZONA DE BAIAS EMISIÓN DE VIGO. EXPTE. 142482/210.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2025, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na súa parte expositiva (Preámbulo) a Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética manifesta que

“El sector del transporte tiene que ser parte de la respuesta al cambio climático y posicionarse en el nuevo modelo de desarrollo para aprovechar las oportunidades que abre la nueva realidad económica y social. En materia de movilidad sin emisiones, se establece que se adoptarán medidas para alcanzar en 2050 un parque de turismos y vehículos comerciales ligeros sin emisiones directas de CO2. Los municipios de más de 50.000 habitantes y los territorios insulares adoptarán planes de movilidad urbana sostenible coherentes con los planes de calidad del aire que introduzcan medidas de mitigación que permitan reducir las emisiones derivadas de la movilidad.”

Segundo.- Con ese obxecto, o art. 14 da devandita lei establece a obrigación -entre outras- dos municipios de máis de 50.000 habitantes de creación de zonas de baixas emisións (ZBE) definidas como

“... el ámbito delimitado por una Administración pública, en ejercicio de sus competencias, dentro de su territorio, de carácter continuo, y en el que se aplican restricciones de acceso, circulación y estacionamiento de vehículos para mejorar la calidad del aire y mitigar las emisiones de gases de efecto invernadero, conforme a la clasificación de los vehículos por su nivel de emisiones de acuerdo con lo establecido en el Reglamento General de Vehículos vigente.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Necesidade de Proxecto e Ordenanza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 1 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A creación e aprobación das ZBE esixe a previa aprobación dun proxecto co contido mínimo establecido no Real Decreto 1052/2022, e a súa posterior regulación a través de ordenanza municipal.

O Proxecto aquí sometido á consideración e -no seu caso- aprobación pola Xunta de Goberno Local consta de dous documentos:

- Anexo I titulado Proxecto de ZBE, e
- Anexo II titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.

Responde cabalmente na súa estrutura, contido e obxectivos ao establecido para o mesmo na Lei 7/2021 e no R.D. 1052/2022, como se deduce dos seguintes particulares:

1º.1 Obxectivos cuantificables.

O R.D. 1052/2022 establece como obxectivos ineludibles, concretos, cuantificables e monitorizables estes dous:

- 1.- Mellorar a calidade do aire.
- 2.- Mitigar o cambio climático.

A súa realización obriga á constatación do punto de partida existente no momento en que se aprobe o Proxecto.

1º.2 Obxectivos das ZBE en materia de calidade do aire.

En materia de mellora da calidade do aire, a Lei 7/2021 e o R.D. 1052/2022 establecen para o Proxecto obxectivos a curto, medio e longo prazo.

A curto prazo, a esixencia é que se cumpran os límites establecidos para ese efecto no R.D. 102/2011 en relación co NON2, as partículas en suspensión, e demais indicadores que no seu caso resulten pertinentes en función das características específicas de cada municipio.

A medio prazo (2030), o mandato orientase ao cumprimento da Directiva (UE) 2024/2881 do Parlamento Europeo e o Consello, de 23 de outubro (DOUE de 20 de novembro) sobre calidade do aire e unha atmosfera máis limpa.

A longo prazo (2040-2050), preténdese a plena neutralidade climática.

1º.3 Creación de 4 ZBE

O Proxecto supón a creación de 4 ZBE:

- Vigo-Centro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 2 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

- Plaza de Portugal
- Calvario
- Bouzas

Atendendo a criterios de poboación, necesidades de mobilidade, usos urbanísticos, e comprobación da situación de partida en canto á calidade atmosférica e os seus determinantes, dita selección resulta adecuada ao cumprimento daqueles obxectivos, e proporcional aos mesmos.

1º.4 Contido do Proxecto en materia de calidade do aire.

O Proxecto dedica os seus apartados 2 e 4 á delimitación e caracterización das catro (4) ZBE.

O apartado 3 dedícase ao estudo da mobilidade, que vai do xeral (viaxes interiores, e desde e cara á cidade) ao particular das ZBE propostas.

Os apartados 7, 8, 9, 10 dedícanse á caracterización da contaminación existente no punto de partida: a súa natureza e avaliación, a súa orixe, o estado do parque móbil, e as estacións de control existentes xunto ás novas propostas.

O apartado 11 establece os obxectivos cuantificables a curto, medio e longo prazo.

O apartado 12, as medidas concretas de aplicación e o seu calendario, articuladas en tres fases que se inician en 2025, 2027 e 2030. Cada unha das devanditas fases contempla un primeiro período dun ano de inaplicación do procedemento sancionador dando prioridade ás necesidades de información e concienciación da nova regulación mediante un sistema de avisos, o que se estima conforme aos principios normativos de necesidade, eficacia e proporcionalidade.

O apartado 14 contempla a estimación dos prazos previstos para alcanzar este obxectivo e método de avaliación.

1º.5 Contido do Proxecto en materia de cambio climático.

O outro obxectivo con indicadores de realización concretos, cuantificables e monitorizables é o de mitigación dos efectos do cambio climático.

Aquí, o obxectivo principal é a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro co horizonte temporal do ano 2030 e en coherencia co establecido para ese efecto no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (actualizado en 2023) do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O seu principal indicador é a razón de utilización do automóbil particular en relación co número total de desprazamentos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 3 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Proxecto selecciona como obxectivo a redución do número de pasaxeiros por quilómetro percorrido en automóbil particular. (Apartado 11).

O apartado 14 contempla a estimación dos prazos previstos para alcanzar este obxectivo, e método de avaliación.

1º.6 Outros obxetivos non obrigatorios nin cuantificables.

Redución do ruído, cambio modal cara a modos de transporte máis sostibles e eficiencia enerxética no uso dos medios de transporte son outros tantos obxectivos pretendidos polo R.D. 1052/2022, aínda que de carácter accesorio.

Con todo, o Proxecto contempla a súa consecución a curto, medio e longo prazo. (Apartado 11).

O apartado 14 contempla a estimación dos prazos previstos para alcanzar estes obxectivos, e método de avaliación.

1º.7 Coherencia do Proxecto cos instrumentos de planificación.

O apartado 6 do Proxecto pormenoriza a súa adecuación expresa ao Plan de Movilidad Urbana Sostible vixente, e á Axenda Urbana Vigo 2030.

Así mesmo, demostra a súa esencial compatibilidade coa Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI), e co Plan Xeral de Ordenación Urbana cuxa entrada en vigor anúnciase inmediata.

1º.8 Excepcións ás restricións.

O apartado 13 do Proxecto establece unha relación de excepcións temporais e permanentes con cláusulas de peche para a súa realización na ordenanza reguladora das ZBE, todas orientadas á efectividade dos principios normativos de necesidade, eficacia e proporcionalidade.

1º.9 Adecuación do ámbito territorial e restricións ao bloque normativo de base.

O Proxecto proposto razoa suficientemente a súa adecuación, en termos de ámbito territorial e restricións, ao dipuesto na Lei de Tráfico, a Lei 34/2007 de calidade do aire e protección da atmosfera, a Lei 40/2015 Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 20/2013 de garantía de unidade de mercado, e ao Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955. (Apartado 15).

1º.10 Sistema de control de accesos: infraestrutura física e tecnolóxica.

A descrición exhaustiva do sistema de control das ZBE contense no Anexo II (apartado 16).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 4 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

1º.11 Análise xurídico das ZBE

O apartado 17 do Proxecto compendia a análise xurídica das ZBE latamente expostos noutros apartados: a súa natureza xurídica, os principais instrumentos nacionais e internacionais sobre esta materia, as normas nacionais aplicables, o réxime sancionador.

1º.12 Memoria económica das ZBE.

En cumprimento do mandato do R.D. 1052/2022, o apartado 18 do Proxecto contén, en termos netos claramente favorables, unha memoria económica comprensiva de i) o impacto orzamentario e económico; ii) as eventuais consecuencias na competencia e o mercado; ; e iii) unha análise de custo-beneficio da actuación.

1º.13 Impacto social, de xénero e de accesibilidade.

A partir de indicadores como a renda media bruta dispoñible e os do Atlas da Vulnerabilidade Urbana (Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana), a implantación das ZBE obxecto do Proxecto mantén o balance claramente positivo deducido ata o de agora. (apartado 19).

1º.14 Monitorización

A consecución dos obxectivos da implantación das ZBE implica unha actividade de monitorización continua dos correspondentes indicadores.

O Proxecto contempla a monitorización preferentemente automática tanto dos indicadores obrigatorios sobre a calidade do aire e mitigación do cambio climático, como dos non obrigatorios, e unha proposta para o seu seguimento. (apartado 20 e Anexo II)

1º.15 Plan de Comunicación.

O apartado 21 de peche do Proxecto recolle o plan de comunicación, participación e sensibilización desenvolvido para a súa elaboración, así como unha proposta para as sucesivas fases (3) de implantación.

1º.16 Incorporación ao PMUS.

De conformidade co establecido nos arts. 14.3 da Lei 7/2021 e o art. 2 do R.D. 1052/2022, unha vez aprobada a ordenanza reguladora das ZBE e simultaneamente á súa implantación, deberase incorporar o seu contido co do presente Proxecto ao vixente Plan de Movilidad Urbana Sostible, en canto manifestación este da potestade de planificación dos municipios establecida no art. 4.1 c) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Segundo.- Información pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 5 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co establecido no art. 11 do R.D. 1052/2022

“Las entidades locales deberán someter el proyecto de ZBE a información pública, durante un plazo no inferior a treinta días, previo anuncio en su página web institucional, y a través de los medios que estime oportunos, en los términos previstos por la Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente.”

Tercero.- Simultaneidade de publicidade do Proxecto e da consulta pública sobre futura ordenanza das ZBE.

Dada a íntima conexión entre o contido do Proxecto e o da futura ordenanza reguladora das ZBE, resulta enteiramente apropiado aproveitar, en unidade de trámite, unha e outra.

Cuarto.- Infraestrutura das ZBE.

A creación das ZBE obxecto do Proxecto ten soporte nas infraestruturas físicas, técnicas e tecnolóxicas implantadas en virtude do Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de outubro de 2023, de modificación do contrato de servizos de xestión integral e mantemento dos sistemas de regulación e control do tráfico (Expte: 133991/210).

Quinto.- Informe da Intervención Xeral.

O contido da memoria económica do Proxecto implica o exercicio das facultades propias da función interventora establecidas no art. 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004).

En vista de canto antecede, en uso das atribucións que me corresponden veño en propoñer á Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal que eleve á Xunta de Goberno Local o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente Proxecto de Zona de Baixas Emisións de Vigo que comprende dous documentos incorporados como

- Anexo I, titulado Proyecto de ZBE;
- Anexo II, titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.

Segundo.- Dispor a súa publicación na sede web do Concello de Vigo, nos termos e cos efectos previstos no art. 11 do Real Decreto 1052/2022.

Terceiro.- Dispor que pola Concellería da Área de Seguridade iniciáese, de forma simultánea á publicación do Proxecto, o trámite de consulta pública da futura ordenanza reguladora



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/09/2025 14:42

Páxina 6 de 7

142482-210

CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

das zonas de baixas emisións, de conformidade co establecido no art. 33 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2025 14:42	Páxina 7 de 7
142482-210	CSV: A5AF8C-E82C82-CBD3BC-Y1EB37-7F3W7K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		